



# SUPERSTICIÓN E CRENZAS NO MUNDO ANTIGO: OS OBXECTOS FÁLICOS DEPOSITADOS NO MUSEO DO CASTRO DE VILADONGA

Álvaro Pérez Rozas.

## Introdución.

Con este artigo, preténdese dar a coñecer o pequeno conxunto de obxectos con formas fállicas depositados no Museo do Castro de Viladonga. Trataremos, polo tanto, a análise de tres pezas líticas atopadas na croa do castro durante as máis de catro décadas de escavacións e, a maiores, presentaremos un colgante de bronce que se atopa no almacén do museo, froito dun depósito xudicial. Este tipo de obxectos, especialmente no caso do colgante, son normalmente clasificados como amuletos de orixe romana.

De forma xeral, a definición de amuleto engloba calquera "obxecto que se leva para atraer o bo e preservar contra o malo". Unha definición tan laxa permite, na miña opinión, incluír os catro exemplos que presentamos dentro desa categoría, a pesar de que na maioría das investigacións que tratan este tema só parece terse en conta os destinados a portar cun mesmo, o que moitas veces deixa á marxe todo o que non é factible de ser considerado como colgante.

## Amuletos fállicos: orixe e crenzas.

A superstición e o respecto ó poder dos deuses para influír nas máis diversas situacións da vida cotiá provocaba, e aínda provoca, que moita xente recorra a ofrendas e amuletos para conseguir os seus favores ou protexerse contra todo tipo de males.

No caso da sociedade romana a influencia deste tipo de crenzas entrelázase coa veneración a certos deuses, avogosos da fertilidade, tanto da vexetación coma dos animais. Algúns destes cultos asimilados polos romanos teñen unha clara orixe panhelénica como o do deus menor Príapo (Fig.1) aínda que a Roma republicana xa contaba no seu panteón arcaico de deuses indíxenas (*di indigetes*), cun deus que compartía certas calidades co deus grego; falamos do caso concreto de *Mutunus tutunus*, cuxo santuario parece ser que estaba localizado no monte Velio ata o século I a. C. Este deus, que na antigüidade parece ser que era encarnado polo propio falo, sen asociarse a unha representación humana, formaba parte dos ritos prematrimoniais, servindo como preparación das noivas romanas de cara ó coito, escenificando a perda da virxindade co propio deus.



Fig. 1. Fresco de Príapo pesando o seu membro nunha balanza contra a ganancia obtida nas súas leiras (casa dos Vettii, Pompeia).

Por outra parte, os trazos comúns que Príapo compartía con outros antigos deuses da fertilidade favorecía os casos de sincretismo relixioso, tanto con deuses propios do panteón romano (Dionisio, Hermes, Mercurio), como con deuses celtas ou xermánicos, feito este favorecido tamén nestes casos pola coñecida *interpretatio romana*.

Outro tipo de cultos relacionados coa idea de fertilidade e con gran aceptación en época romana eran os dedicados a unha antiga deusa de orixe frixia Cibeles (Κυβέλη *Kybélê*), a *Magna Mater* romana. A Deusa Nai, ou Gran Nai, era a personificación da

fertilidade da terra, deusa tamén dos animais. O seu culto, de ampla difusión, era proporcionado por uns sacerdotes sometidos á autocastración coñecidos como *galli*, polo que era usual a representación deste tipo de animais nos elementos ou lugares de culto destinados a adorar á deusa. Un posible exemplo poderían ser os galos representados no templo de Santa Eulalia de Boveda (Fig.2), que identificaría a este edificio como un lugar de culto dedicado a Cibeles (ERIAS MARTÍNEZ, 2015).



Fig.2. Representación dos *galli* (galos) xunto con outras galináceas nos murais de Santa Eulalia de Bóveda (Lugo).

Froito destas e outras antigas tradicións nacerían, co paso do tempo, outras nas que determinadas calidades destes antigos deuses transmutarían para formar parte de novas tradicións, nas que o uso de amuletos, sería, moitas veces, unha parte importante.

En canto ó caso concreto do éxito dos amuletos fállicos en época romana, este feito tería moito que ver ca crenza nas súas propiedades profilácticas e apotropaicas, especialmente contra o poder da fascinación ou mal de ollo. O *fascinum*, como nomeaban os romanos ó mal de ollo, era realmente unha convicción moi estendida na antigüidade, ata o punto de que aínda hoxe segue plenamente vixente en moitas partes do mundo (REY SEARA, 2002). Esta crenza estaba baseada no poder que tiñan algúns seres para provocar o mal ó seu redor. A súa influencia na sociedade romana ponse de manifesto no culto ó falo como personificación do deus *Fascinus*.

---

Segundo Plinio<sup>1</sup> (NH XXVIII, 39) dito culto estaba confiado ás Vestais romanas co fin de afastar o mal de ollo, producir a xerminación das plantas secas e favorecer que preñaran as femias estériles (DEL HOYO, J.& VAQUEZ HOYS, A.M., 1996). A través das fontes antigas coñecemos tamén que foi a través da “profecía de Tages” como as virxes Vestais recibiron a responsabilidade de mirar polo fogo sagrado e render honores, a través do culto, ó deus *Fascinus*, representado, como dicíamos, polo órgano sexual masculino (WISEMAN, 1995; p.61).

O uso de amuletos fálicos, aínda que de ampla distribución, estaba especialmente indicado para afastar o mal de ollo dos nenos, que os levaban colgados do pescozo ata que chegaban á idade adulta. Tamén era considerado de bo presaxio entre os soldados, sendo habitual que o portaran os xenerais romanos que gozaban do triunfo. Neste último caso parece ser que eran as propias vestais as que colgaban falos dos carros dos xenerais vitoriosos, co obxectivo de protexelos da envexa allea.

Por outra banda, cabe recordar que o culto ó falo é, certamente, moito máis antigo que todo o que acabamos de contar. En realidade, co permiso das Venus paleolíticas e outras representacións sexuais femininas, está considerado dende tempos ancestrais coma o principal símbolo da natureza creadora, da fertilidade, motivo polo que foi amplamente venerado, e o seu culto perdurou, cando menos, dende a etapa final do Paleolítico Superior ata a implantación -xa en época histórica- doutras crenzas relixiosas que se apropiaron dos poderes da creación, da vida, e, como non, tamén da morte. A pesar de que o seu culto foise esvaecendo no tempo, aínda hoxe é posible atopar este tipo de amuletos en diversas partes do globo, aínda que perderan todo, ou parte, do seu significado orixinal.

---

<sup>1</sup> Plinio tamén o chamaba *medicus invidiae* é dicir, un remedio contra a envexa.

## O estudo dos amuletos romanos.

Nas últimas décadas, o estudo dos amuletos fálicos parece saír do esquecemento ó que se viu sometido. O feito de coñecer a súa existencia pero non ser capaces de articular un discurso sobre a súa funcionalidade ou tipoloxías ata tempos non moi afastados, quizais haxa que buscalo no tabú que suscitaban este tipo de obxectos, incluso entre algúns investigadores. En definitiva, cando non era o pudor que suscitaba, xa non só o seu estudo, senón a súa mesma existencia, era o simple descoñecemento da realidade socio-cultural romana o que facía que non chegasen a pasar de simples obxectos en mans de coleccionistas privados, coidando de non expoñelos a segundo que miradas e mirando de mantelos afastados das principais salas de exposición nos museos. Un bo exemplo disto podemos atopalo na existencia do *Gabinetto Segreto* do Museo Arqueolóxico Nacional de Nápoles.

Ata as décadas finais do século pasado, eran poucos os traballos de investigación que abordaban a temática dos amuletos fálicos achados no territorio peninsular, a pesar de que a mediados dos anos 60 xa H. Rolland publicara a súa tipoloxía para os amuletos fálicos de Haute Provence e de que incluso se poden rastrear algunhas publicacións centroeuropeas de mediados do século XIX (DEL HOYO & VAZQUEZ HOYS, 1996).

Xa nas décadas finais do século XX son dignas de mención as publicacións de Zarzalejos et al. (1988), así como a clasificación funcional e formal realizada por Del Hoyo e Vázquez Hoys case unha década máis tarde (1996). En canto ó NO peninsular, é obrigada a referencia ó traballo de Rey Seara, que tratou o estudo dos amuletos romanos achados en Galicia (REY SEARA, 2002), se ben debemos sinalar que só menciona os colgantes metálicos coñecidos no momento.

Neste punto, é preciso sinalar que, certamente, unha parte importante das figuras fálicas de procedencia romana están realizadas en bronce e a súa concepción é a dun amuleto colgante, pero tampouco debemos esquecer que, en todo o mundo romano é tamén do máis usual atopar amuletos noutro tipo de materiais como ouro, ferro, óso, pasta vítrea ou ámbar. Tamén deberon alcanzar certa transcendencia, cando menos polo seu número, outro tipo de representacións

como poden ser: gravados, incisións, representacións moldeadas, mosaicos e, incluso, relevos en esculturas ou obras públicas e privadas. Debe quedar claro que en ningún caso estas imaxes poden ser consideradas como mostra de indecencia ou indecoro, todo o contrario, como queda demostrado ó aparecer frecuentemente acompañados de expresións de felicidade e fortuna, acentuando a hospitalidade de cara ós visitantes (Fig.3).



Fig. 3. Relievo dun falo na parede dunha panadería de Pompeia ca lenda *Hic Habitat Felicitas* (Aquí habita a felicidade). Fonte: [www.pinterest.es/source/apollonius.net](http://www.pinterest.es/source/apollonius.net).

O obxectivo deste artigo non é o de entrar en detalles sobre a clasificación tipolóxica da variedade de amuletos existentes en época romana, pero si que nos gustaría facer referencia a algún dos tipos xerais máis representativos (Fig.4), nos que entrarían os falos alados ou *Titus*, o *fascinum* e a figa (*manus fica*). Tamén nos parece interesante sinalar que a representación de varios tipos nun mesmo amuleto reforzaría o seu poder protector, sendo común a unión de falo e figa nun mesmo colgante. Nalgúns casos, como podemos ver no enxoval funerario presente nalgúns tumbas, os *tintinnabula*, falos e figas aparecen tamén asociados a outros elementos rituais (cravos, moedas) como reforzo da protección necesaria ante o mundo ignoto da morte (VAQUERIZO, 2010; 41).



Fig. 4. *Titus* con alas, figa con falo e *fascinum* galo-romanos procedentes de Reims. Musée Saint-Remi, Reims. Fonte: Wikimedia Commons.

En canto á aparición de obxectos fállicos en contextos castrexos susceptibles de ser considerados amuletos, temos noticia de exemplares atopados nos castros de Socastro (Erbogo, Rois), Adragonte (Paderne) e Elviña, todos eles na provincia de A Coruña (Fig.5). Nos tres casos atopámonos ante obxectos fabricados nalgún tipo de rocha (cuarcita e xisto), con medidas arredor dos 10 cm de longo e ausencia de elementos de suspensión que nos fagan pensar no seu uso como colgante. Así mesmo, en todos os casos o glande aparece ben diferenciado e nótase a ausencia de

testículos. O exemplar atopado en Socastro ten a particularidade de presentar restos de pintura que axudan a remarcar o de por si remarcado glande. Para Erias Martínez o feito de estar pintado implicaría unha vontade de darlle maior realidade e remarca o feito de ser un falo cortado (sen testículos), o que, para este autor, podería indicar que formara parte dun santuario de Attis e Cibeles (ERIAS MARTÍNEZ, 2015).



Fig.5. Representación de amuletos fálicos atopados en contextos castrexos. (A partir de ERIAS MARTÍNEZ, 2015).

### Amuletos fálicos achados no castro de Viladonga.

A presenza deste tipo de obxectos na croa do castro de Viladonga demostra que os seus habitantes non eran alleos ás crenzas e supersticións, feito que ademais compartían cun gran número de coetáneos dunha e outra parte do Imperio. A continuación presentamos os obxectos fálicos atopados no castro de Viladonga:

**Nº inventario: 2016/01041.**



Fig. 6. Amuleto fálico en cuarcita (2016/01041). Foto: Marta Cancio (Museo do Castro de Viladonga).

**Procedencia:** Castro de Viladonga. Escavación de 2016.

**Descrición:** Amuleto fálico simple, en vulto redondo. Creado a partir dun pequeno canto de cuarcita ó que se lle dá unha forma máis ou menos cilíndrica e recta. A parte inferior está lixeiramente afinada na súa forma, polo que é posible que simule o corte provocado pola castración dos testículos. A distinción entre o tronco do pene e o glande faise aproveitando unhas incrustacións propias da rocha, remarcadas a partir do pulido.

**Materia:** Cuarcita.

**Dimensións:** Lonxitude máx.: 91 mm.

Ancho máx.: 21 mm.

Peso: 81 gramos.

**Paralelos:** Non se coñecen paralelos idénticos, pero, curiosamente, o paralelo máis próximo é un exemplar, tamén de cuarcita, atopado no ano 2008 no castro de Socastro (Erbogo, Rois, A Coruña). No caso do falo de Socastro a distinción do glande vese favorecida polo uso da pintura, (non podemos descartar que sucedese o mesmo no exemplar de Viladonga), e a súa forma menos estilizada, polo que as similitudes debemos de buscalas na ausencia dos testículos (falo cortado), no material (cuarcita) e na propia localización dentro dun castro. Para autores como Alfredo Erias o feito de tratarse de falos cortados poñeríaoos en relación co culto a Attis e Cibeles (ERIAS MARTÍNEZ, 2015).

**Nº inventario: 1970/00309.**



Fig. 7. Amuleto fállico en cuarcita gris (1970/00309). Foto: Marta Cancio (Museo do Castro de Viladonga).

**Procedencia:** Castro de Viladonga. Escavación de 1970.

**Descrición:** Amuleto fállico simple, en vulto redondo.

**Materia:** Cuarcita de gran fino. Cor gris.

**Dimensións:** Lonxitude máx.: 119 mm

Ancho máx.: 32

Peso: 124 gramos.

**Paralelos:** Non se coñecen

**Nº inventario: 1970/00303.**




Fig. 8. Amuleto fállico en cuarcita (1970/00303). Foto: Marta Cancio (Museo do Castro de Viladonga).

**Procedencia:** Castro de Viladonga. Escavación de 1970.

**Descrición:** Amuleto fállico simple, en vulto redondo. Pequeno fragmento de cuarcita pulido de forma que, na metade inferior, distínguese o escroto, cun dos testículos de maior tamaño. Na metade superior, o tronco do pene aparece roto ou mutilado á altura do que debería ser o glande.

**Dimensións:** Lonxitude máx.: 29 mm.

Ancho máx.: 23 mm.

Peso: 12 gramos.

**Paralelos:** Non se coñecen.

---

### Amuleto fálico de bronce. (Depósito xudicial).

A utilización de amuletos fálicos tiña un considerable arraigo no mundo romano, sendo habitual o seu uso como fíbulas, cintos, aneis ou adornos colgantes. A súa ampla distribución, así como as similitudes entre todos eles indican que gozaron dun amplo uso, cun elevado nivel de crenza nas súas calidades protectoras (SÁENZ & LASUÉN, 2004).

O seguinte exemplar forma parte do inventario de fondos do depósito xudicial do xulgado nº 2 de Lalín (Pontevedra) depositado no Museo do Castro de Viladonga, polo que nos é imposible dar máis datos sobre a súa orixe ou procedencia.

### Nº inventario: LU.41/1



Fig. 9. *Fascinus* ou colgante fálico realizado en bronce. Foto: Marta Cancio (Museo do Castro de Viladonga).

**Procedencia:** Descoñecida (Depósito Xudicial).

**Descrición:** Amuleto fálico simple, concibido a partir dunha placa circular. O tronco do falo presenta decoración en forma de liñas helicoidais paralelas, unhas con diminutas "S", e outras con puntos no seu interior. A zona do prepucio aparece resaltada con liñas paralelas horizontais, destacando o glande liso, sen decoración. Na parte oposta da placa presenta

tres arandelas como elemento de suspensión, engarzadas nunha plaquiña rectangular con outras tantas perforacións.

**Dimensións:** Lonxitude máx.: 39 mm.

Ancho máx.: 29 mm.

Arandelas: Diámetro: 13 mm; grosor: 3 mm.

Grosor da chapa: 4 mm.

Peso: 40 gramos.

**Paralelos:** Non se coñecen.

### Conclusións.

O conxunto analizado, a pesar de estar integrado só por catro obxectos, é unha mostra máis da variedade existente dentro dos cultos tradicionais romanos, así como da ampla diversidade tipolóxica e extensión espazo-temporal da que gozaron os amuletos faliformes.

No caso particular dos amuletos achados dentro do propio castro de Viladonga, a súa presenza pode presentarse coma un exemplo máis do proceso de romanización, que abarcou unha gran variedade de aspectos da vida dos seus habitantes ou, pola contra, podería interpretarse como resultado da supervivencia dun culto propio das sociedades castrexas que logrou manterse por procesos de sincretismo.

En canto á datación dos amuletos, serios inconvenientes como a ausencia de secuencias evolutivas ou de datos estratigráficos impide ser preciso máis alá da súa adscrición ó principal período de existencia da cultura castrexa-galaico-romana, é dicir, o extenso espazo temporal que vai do século I o V d.C.

Os tipos descritos poden considerarse excepcionais ou pouco comúns se atendemos ós exemplares ata o de agora publicados, incluso o exemplar de bronce afástase dos estándares tipolóxicos descritos para os amuletos fálicos romanos achados no territorio peninsular.

## BIBLIOGRAFÍA.

- ÁLVAREZ, J.; BLÁZQUEZ, C.; WAGNER, C.G. (Eds.). (1994): *Sexo, muerte y religión en el mundo clásico*, Madrid.
- ARIAS VILAS, F.; BASTOS BERNÁRDEZ, D.; DURÁN FUENTES, M.C.; VARELA
- ARIAS, E. (2013): *Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)*. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- BARRERA, J.L. de la; VELÁZQUEZ, A. (1988): "Amuletos romanos de Mérida", *Homenaje a Samuel de los Santos*, Murcia, pp. 211-214.
- ERIAS MARTÍNEZ, A. (2015): "Un novicio danzante de Attis y Cibeles en el supremo acto de emasculación en honor de la Magna Mater, otras piezas más y algunas notas sobre Santa Eulalia de Bóveda", *Anuario Brigantino*, nº 38. pp. 125-152.
- FILLOY NIEVA, I. (1997): "Testimonio en torno al mundo de las creencias en época romana en el territorio alavés", *Isturitz*, 9 (Actas 1er. Coloquio Internacional sobre la romanización de Euskal Herria: la actualidad de la investigación arqueológica), Ed. Eusko Ikaskuntza, Donostia-San Sebastián, pp. 765-795.
- JOHNS, C. (1982): *Sex or simbol. Erotic images of Grece and Rome*, London.
- LAFAYE, G. (1985). "Fascinum, fascinus" en Daremberg-Saglio, *Dictionnaire des Antiqués grecques et romaines*, s.v.t. II, 2, Paris, pp. 984-988.
- LÓPEZ VÁZQUEZ, J. (2017): "Un fascinum (Phallos) de época romana en Villafranca. Fondos del MUVI (INV. 903)", *Revista de estudios del MUVI* nº 8, pp. 6-13.
- REY SEARA, E. (2002): "El estudio de los amuletos romanos: el caso de Galicia", *SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades*, vol. 14, pp. 151-164.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1992): "Culto a las aguas y divinidades orientales en en Lugo romano: los posibles santuarios de San Roque y Bóveda", *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie II, Hª Antigua, t. V, pp. 309-336.
- ROLLAND, H. (1965): *Bronzes antiques de Haute Provence*, XVIII suppl. á Gallia, París, pp. 176-181.
- SÁEN PRECIADO, J.C.; LASUÉN ALEGRE, M.D. (2004): "El amuleto fálico de oro de Bilbilis (Calatayud-Zaragoza)", *SALDVIE* nº 4, pp. 221-227.
- VAQUERIZO GIL, D. (2010): *Necrópolis urbanas en Baetica*, Documenta, 15. Universidad de Sevilla; Institut Català d'Arqueologia Clàssica, Tarragona.
- VV.AA. (1990): *Los bronces romanos en España*. Catálogo de la exposición. Mayo-Julio, Madrid.
- WISEMAN, T.P. (1995): *Remus: A Roman Myth*, Cambridge University Press, Cambridge.
- ZARZALEJOS, M.; AURRECOECHEA, J.; FERNÁNDEZ OCHOA, C. (1988): "Amuletos fálicos romanos inéditos de las provincias de Madrid y Toledo", *Cuadernos de Prehistoria y Arqueología de la Universidad Autónoma de Madrid*, nº15, Madrid, pp. 301-318.